



Concello de Castroverde

DON XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO);

FAI SABER:

Que o Concello de Castroverde aprobou no Pleno da Corporación celebrado o pasado día 10 de xuño de 2020 as seguintes exencións tributarias **destinadas ós establecementos comerciais que se viron afectados pola crise sanitaria do COVID-19 :**

- **Exención do pagamento das taxas por subministración de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros durante un período de 4 trimestres**, a contar dende o 1 de abril de 2020, é decir, quedarán exentos no pago dos seguintes trimestres: 2º, 3º e 4º trimestre de 2020 e 1º trimestre do 2021.
Non quedará exento o pagamento do canon da auga establecido por Augas de Galicia dependente da Xunta de Galicia.
- **Exención do pagamento de taxas pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos** durante os anos 2020 e 2021.
- **Exención do pagamento da taxa pola instalación de terrazas en terreos de uso público** durante os anos 2020 e 2021.
- **Exención do pagamento das taxas por cambio de titularidade** dos establecementos durante os anos 2020 e 2021

Tamén se aprobou a exención de tributos do pagamento da taxa pola expedición de documentos en materia de censos de poboación mentres non se recupere a total normalidade nos servizos administrativos municipais **(esta exención aplícase a todos os veciños que o soliciten).**

Asdo.: Xosé María Arias Fernández

(Documento asinado e datado dixitalmente á marxe)

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011

